

PROXECTO «CHAIRA».

Un inventario de Literatura de Tradición Oral

Dentro do amplo e rico abano de manifestacións do que denominamos cultura popular, quizais sexan as literarias as que perviven cunha maior puxanza.

As lendas, contos, romances, cántigas, adiviñas ou refráns agroman aínda na memoria viva do país como símbolo dunha herdanza que se resiste ó esquecemento. Para os máis novos só son reliquias inútiles, pasatempos dos antigos que non se acomodan á modernidade; para os máis vellos, e non para todos, son o testemuño vivo de saberes útiles para calquera tempo. En calquera caso, a nosa literatura popular vai esmorecendo coa vida dos que a atesouran e non é, en absoluto, esaxerado prognosticar que á volta de vinte anos case ninguén será capaz de transmitila oralmente.

Desta realidade desacougante nace a idea de inventariar este patrimonio, de rescatalo dese pozo do pasado que se atopa cada día que pasa. E non só pola súa función lúdica ou polo que amosa da capacidade creativa dunha cultura postergada e desvalorada. Tamén porque no relato soen estar, máis ou menos evidentes, as pegadas da forma de vida, das estruturas e comportamentos sociais, de prácticas e ritos relixiosos, de mitos aparentemente esquecidos pero que, sorprendentemente, se revelan aínda vivos e cribles. Códigos, claves, mensaxes, leis non escritas que nos descubren que, tralo que algúns «ilustrados» denominan supersticións, hai unha cultura lóxica, racional e perfectamente desenvolvida.

Un pequeno equipo, do que forman parte Ofelia Carnero Vázquez, Mercedes Salvador Castañer, Xoan Ramiro Cuba Rodríguez e Antonio Reigosa Carreiras, convencido do perigo da desaparición

destes testemuños e asimesmo da súa importancia para o coñecemento dunha cultura e dunhas xentes, propúxose acometer esta tarefa de inventariar a nosa literatura oral.

Escolleuse como ámbito territorial a Terra Cha, unha comarca natural ben definida e que debe o seu nome ás súas características orográficas, poboada na súa gran maioría por xentes labregas que viven en núcleos dispersos e de poucos veciños. Por razóns prácticas e para non incorrer en arbitrariedades, pois non hai unanimidade no tocante a que concellos se poden considerar chairegos, optamos por incluír a tódolos concellos que teñen chaira nunha parte importante do seu territorio administrativo. Así, atendendo á vixente división territorial inclúense tódalas parroquias, tamén as de montaña, que pertencen ós concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Outeiro de Rei, A Pastoriza, Rábade, Vilalba, Pol, Meira e Xermade, e que se suman un total de 209 parroquias. Para a realización da totalidade do proxecto estímense cinco etapas ou proxectos parciais a desenvolver desde o ano 1.992 ata o ano 1.997.

Para a primeira etapa, que xa comezou o ano 1.992, cóntase cunha axuda da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e abrangue os concellos de Abadín, Begonte e Rábade. Por recomendación da propia Dirección Xeral préstase especial atención ás lendas e ós contos.

O traballo de investigación ten como principal obxectivo a recollida directa mediante gravación, completada coa documentación bibliográfica existente, tomando en ambos casos como ámbito territorial base a parroquia.

O traballo de campo comenza coa selección de informantes, un mínimo de seis por parroquia, preferindo os de maior idade e, sempre que é posible, organízanse grupos tratando de reproducir e ambientar as situacións nas que adoitaban facerse estas narracións.

Anque aínda é aventurado adiantar conclusións cando só se leva realizando pouco máis da metade da primeira etapa, hai algunhas premisas que se repiten e que nos permiten deducir que:

1º.- As manifestacións literarias vivas son só produto da especial capacidade para memorizar dalgúns informantes, pois ó non teren oportunidade de contar, vanas dando ó esquecemento.

2º.- A transformación radical dos modos de vida da sociedade tradicional, o envellecemento da poboación rural, e unha educación que non estimula o coñecemento da propia cultura fan que os hábitos dos máis vellos sexan despreziados, incluso polas persoas que seguen vivindo no medio onde se daban. A función dos avós na formación dos nenos foi suplantada polos heroes da televisión.

3º.- Como consecuencia lóxica do devandito hai que supoñer unha parte sustancial de manifestacións literarias xa desaparecidas. Sen embargo, se o recopilador transmite aprezo e confianza no informante, aínda queda moito por facer.

Estamos convencidos de que nun futuro próximo este labor vai permitir estudar con máis rigor ese amplo e complexo entramado, esa cosmovisión que por incomprendida soe denominarse, coa simpleza propia dos egocéntricos, Galicia «profunda».